



HUMAN
MATTER

RETRATOS DUNHA LIÑA

Mameel Feriñ

XUNTA DE GALICIA



XUNTA DE GALICIA

Xesús Vázquez Abad
Conselleiro de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria

Jesús Oitavén Barcala
Secretario Xeral Técnico

Anxo M. Lorenzo Suárez
Secretario Xeral de Cultura

EDITA

Consellería de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria

EXPOSICIÓN

Coordinación Casa da Parra
Pilar Corredoira

Textos

© Rosendo Cid
© Manuel Penín

Fotografía e vídeo

© miramemira

Deseño

 nacherpublicidad

Imprime

Imprenta Mundo

I.S.B.N.

978-84-453-5148-2

Depósito legal

C 1112-2014



HUMAN
MATTER
RETRATOS DUNHA LIÑA

Mamei Penín

CASA DA PARRA
Santiago de Compostela
Xuño - Xullo
2014



Con Manuel Penín, un dos artistas máis sobranceiros do momento actual, a Casa da Parra convértese no estudio en que o creador ourensán leva a cabo a súa proposta expositiva, centrada na elaboración de retratos dunha soa liña. Trátase dun proxecto no que, baixo a denominación xenérica de *Human Matter*, o propio traballo de produción devén en arte: ver a man que debuxa, percibir o ollo que capta e interpreta o que os visitantes son na súa esencia.

Velaquí, pois, nas páxinas que seguen, os retratos dunha liña de Manuel Penín. Son retratos que nos traen a frescura da espontaneidade coa que o artista se atreve a concibir o debuxo sen ningún tipo de estudo previo, armado soamente do que en cada momento lle di o seu instinto creador.

Esta é a súa maneira de sorprendernos co don natural de captar os rostros públicos e anónimos para levalos ao papel, un xeito de compartir un instante concreto cos seus modelos para reflectir a súa imaxe externa e os sentimentos que poidan transmitir nunha singular expresión pictórica.

Estou convencido de que os retratos de Manuel Penín, en diálogo cos espectadores, acollen no seu trazo continuado unha mensaxe íntima como expresión dun contacto persoal, dunha silenciosa comunicación captada a través da súa mirada de artista.

Desde a Consellería de Cultura e Educación recoñecemos, polo tanto, a autenticidade estética deste proxecto que revitaliza, desde a Casa da Parra, as achegas plásticas dos nosos creadores máis actuais e que constitúe unha nova contribución do Goberno galego á difusión dos novos artistas.

Xesús Vázquez Abad
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Xunta de Galicia



A SOMBRA DA LIÑA É ALONGADA

Rosendo Cid. 31 de maio de 2014

Plinio o Vello (escritor romano, 23-79 d.C.), na súa *Historia natural*, investigou as incertas orixes da pintura, asegurando que ese nacemento consistiu en circunscribir con liñas o contorno da sombra dun home. Cóntanos que, en Corintio, a filla dun oleiro se namora dun mozo que axiña abandonaría a cidade e como entón a moza decide fixar con liñas o perfil do seu amante sobre unha parede á luz dunha candeia. Máis tarde, o seu pai aplicaría arxila sobre esa parede, conseguindo así relevo.

Nun salto cara á actualidade, hai pouco máis dun ano inaugurábase na sede do Centro Pompidou en Metz a exposición *Unha breve historia da liña*; un intento de xenealoxía alternativa da pintura, a fotografía e o grafismo desde 1925, ano en que Kandinsky e Klee establecerían unha análise científica da liña. A mostra inspirábase no cambio de paradigma das vangardas, mais tamén nas teorías do antropólogo Tim Ingold, que describía a liña

como reflexo da actividade humana: “Vaian onde vaian e fagan o que fagan, os homes debuxan liñas camiñando, falando, facendo xestos”.

Estes exemplos contrapostos e distanciados, e que ben puidesen ser outros, serven para significar a evidencia de que a liña é a forma orixinaria de calquera proceso plástico e creativo, e que estivo e está na reflexión das orixes de toda representación.

A proposta de Manuel Penín para a Casa da Parra toma este elemento para a realización de debuxos na propia sala expositiva, retratando a todo aquel que o desexe (coa peculiaridade de facelo nun só trazo). É unha proposta de claras intencións, que xera unha intersección entre o exhibir e o producir, entre o obxecto artístico e o propio espectador, cómplice necesario para o desenvolvemento dunha mostra enfocada, sobre todo, no proceso de retratar na mesma exposición e non no lugar habitual e íntimo do obradoiro.

Debuxos dunha liña. 2002.
Lapis de carbón sobre papel.
23 x 16 cm.



Reivindica Penín unha saída cara ao fundamental de toda experiencia creativa? É unha maneira de estar na arte, na vida, fóra de toda ostentación? Unha forma distinta de dialogar co espectador, de saír da introspección que se lle supón ao artista?

Días antes de que comezase a exposición, reuníme con el no seu estudio e, rodeados das súas pinturas, cheas de cor e de formas expandidas, falamos un bo anaco, conversa da que saíron estas palabras reflectidas deseguida.

RC/ Creo que podemos comezar por que nos contes se hai un punto de partida, unha referencia, ou cando pensaches nos retratos dunha liña como proxecto.

MP/ Pois hai unha primeira situación que se deu nun obradoiro ao que asistín, impartido por Xesús Vázquez, se non recordo mal, no ano 2002, no Centro Cultural Marcos Valcárcel, e no que Xesús nos propoñía facer algún traballo fóra

da nosa liña habitual. Eu púxenme a facer esbozos de debuxos de cabezas que logo derivaron nunhas esculturas de arame. Unha vez que rematou o obradoiro, a verdade é que abandonei esta liña de traballo ao non ter unha idea clara para desenvolvelo. Este pódese dicir que é o meu primeiro achegamento ao tema do retrato no debuxo. Máis tarde, dez anos despois, durante unha estada en Berlín, quedei unha tarde cun amigo para tomar unhas cervexas nunha coctelaría de nome El Ángel Exterminador, como a película de Buñuel, e durante ese tempo estivemos falando e ilustrando as nosas inquedanzas diante dun caderno de debuxo. Espontaneamente, debuxei unha cabeza nunha soa liña que me sorprendeu bastante. Nese intre, sabía que algo novo acababa de suceder. Ao día seguinte, compreí material e comencei a frecuentar distintos locais onde podía atopar xente diversa e a retratala furtivamente coa idea de probar e exercitar a man e o ollo sobre todo, chegando a

realizar, de forma compulsiva, uns 400 retratos dunha soa liña. Logo regresei a Ourense e, cunha exposición á vista, decidín enfocala cara a estes retratos, pero esta vez co permiso do retratado. Desá exposición saíron outros 400 retratos e supuxo a primeira experiencia en público, pois o proceso xa podía verse en sala. Foi no ano 2013 no Centro Cultural Marcos Valcárcel.

RC/ Houbo daquela un suceso dado de forma natural e que creo que di moito da túa forma de facer e actuar. Tes intención de seguir noutros lugares?

MP/ Si, de feito teño previsto cara a finais de ano viaxar a Nova York e seguir con Human Matter, enfocándoo tamén como unha publicación con retratos acompañados de escritos meus. Ademais, en Berlín teño outro proxecto de debuxos por desenvolver, pero será o vindeiro ano.

RC/ Cando puiden ver os teus primeiros retratos de Berlín, acordeime dos *Retratos furtivos* de Luis Seoane. O aspecto común é o pouco tempo empregado para realizar os debuxos, o que provoca unha enorme discriminación pola obriga de quedar co básico. A este respecto, hai algún método na túa forma de observar cando debuxas ou cada persoa provoca unha mirada diferente?

MP/ Si, o método existe, como é normal logo de facer tantos retratos, pero cada persoa lévame a unha resolución diferente pola silenciosa comunicación que se establece, unha comunicación máis interior, máis alá do verbal ou do visual.

RC/ Daquela, definirías estes retratos dunha forma psicolóxica...

MP/ Quizais os definiría como o resultado de compartir un momento de silencio interior.

RC/ Que é o que queda de ti nestes retratos?

MP/ Nesta exposición si que hai unha resolución máis persoal, un estilo máis recoñecible que nos retratos anteriores e nos que xa me recoñezo. Creo que, despois de dar moitos tombos entre retratos, loxicamente, queda un cuño persoal. Véxome máis seguro dentro da continua evolución dos debuxos.

RC/ Ao contar cun tempo limitado, que polo que dis adoita oscilar entre catro e oito minutos, e supoñendo unha meditación ou reflexión de todo proceso artístico, desaparece

neste caso calquera momento reflexivo?

MP/ Ben, neste caso contemplo a meditación non como forma de pensar ou reflexionar, senón como unha forma de observación pura, sen pensamento. Creo que é a única maneira de poder achegarte á percepción da esencia das cousas; neste caso, da persoa retratada.

RC/ Aínda que non parece ter que ver, isto lémbreme a unha *performance* de Marina Abramovic realizada no MoMA, onde a artista simplemente compartía olladas e silencios, creándose situacións peculiares dependendo das persoas. Sucede algo similar no teu caso, salvando as distancias dun e outro proxecto?

MP/ Si, establécese un espazo de silencio interior compartido entre ambos; é dicir, hai unha especie de sincronización interna que non sabería explicar moi ben.

RC/ Haberá, polo tanto, persoas máis “fáciles” de retratar ca outras?


MP/ Creo que si, hai persoas máis fáciles de retratar porque depende da actitude ou disposición do retratado; ou sexa, canto máis aberta está a persoa a deixarse “ver”, máis facilmente flúe o debuxo, e isto adoita pasar con moitos nenos e persoas maiores especialmente, con persoas que non teñen unha imaxe moi rixida de si mesmas.

RC/ Como curiosidade, que é o que che adoita comentar a xente retratada máis a miúdo?

MP/ A reacción máis frecuente é a sorpresa de verse plasmados nun debuxo en tan pouco tempo.

RC/ Que supón para ti, acostumado ao traballo intenso de obradoiro, de pintura ou de escultura, esta experiencia cotiá e como a afrontas ou en que che pode influír para outros traballos?

MP/ Sobre todo, afróntoa a nivel persoal e, por suposto, isto inflúe a nivel artístico. Mais lévame a observar a toda persoa como parte dunha totalidade, é dicir, a humanidade; a decatarme de que todos somos, basicamente, o mesmo. E isto lévoa a nivel expositivo, onde non hai diferenza entre os retratados e ninguén destaca por encima de ninguén. Interésame que calquera persoa teña a posibilidade de participar neste proxecto. Non hai diferenza ningunha. Non sei quen dicía que o valor do home



Debuxos dunha liña. Berlín, 2012. Tinta sobre papel. 36 x 26 cm.

se mide por *ser* humano, e non hai outro valor que o poida diferenciar, xa sexa por raza, sexo, diversidade social, etc.

En canto ao traballo da pintura ou da escultura, son traballos introspectivos cuxo resultado se lle ofrece logo a todo o mundo. No caso dos retratos, é un traballo de introspección entre dous, e o resultado é primeiramente para o retratado para despois formar parte do conxunto da exposición, para ofrecerlla ao público.

RC/ Unha pregunta un pouco típica: como cres que se percibe o debuxo?, como algo secundario, talvez relegado a algo instrumental?

MP/ A nivel de exposicións, véxoo como algo residual, secundario, mesmo infravalorado, pois case nin existen exposicións onde o debuxo sexa o principal. A última exposición de debuxo que vin foi a de E. Arroyo en El Prado en 2012. Gustoume.

RC/ Por outras conversas que tivemos, creo que te atopas un pouco afastado dese ambiente do mundo artístico, máis burocrático, ímoslle chamar, e que non acostumas definirte como artista dun tipo ou doutro.

MP/ Nin lonxe nin cerca. Vou ao meu aire e fago o que me apetece en cada momento determinado, sen intención de establecerme artisticamente. Desenvolvo proxectos, lévoos a cabo e a contextualización que poida ter como artista vén *a posteriori*. Son outros os que a fan. Non, non me preocupa este aspecto.

Neste punto vimos como o gato, que andaba polo estudio, adoptaba unha posición de liña curvada e sobre si mesmo que denotaba un aburrimiento produto, se cadra, da nosa conversa. En todo caso, xa fose por este ou por outro detalle, decidimos dar por concluída a charla.





DEBUXOS

LAPIS DE CARBÓN SOBRE PAPEL

41 X 32 CM







































HUMANA MATERIA RETRATOS DE UNA LÍNEA


Manuel Penín.

El punto aparece, inicial, y la línea comienza a fluir. Se desencadena el tránsito por lo blanco. A ciegas, sin historia ni futuro, solo el ahora. Avanzo sin camino. La intensidad en aumento, la concentración se multiplica. La mirada mansa y fuerte se clava. No me desprendo ni un instante. Adelante firme y suave. No soy amigo, no soy artista, no soy yo. Solo existe el ahora. Las miradas en sintonía. Quiero aprehender lo total y prescindir de rastros accesorios. La trampa está tendida... toco, escruto, atravieso. Hueso, carne, piel... alma. El trazo único y constante. No hay duda, no hay necesidad ni anhelo. El camino aparece, sin esfuerzo. Como un extravío de lucidez surge un nuevo rostro entre dos... ahondando en la materia humana.

HUMAN MATTER ONE LINE PORTRAITS

Manuel Penín.

A dot appears, a start, and the line begins to flow. The transit on white unfolds. Blindly, without history or future, only the present, the now. I move forward without a route. The intensity increases, the concentration multiplies. Tame and strong the gaze fixes. Not one instant do I let loose. I move forward firm and smooth. I am not a friend, I am not an artist, I am not myself. There is only the now. Our glances in sync. I strive to behold the totality and dismiss surplus traces. The trap is set... I touch, scrutinize, make my way in. Bone, flesh, skin... soul. A single and constant flowing line. There is no doubt, no need nor yearning. The direction arises, effortlessly. A kind of lucid slip-up shaped by two that condenses into one face... delving into human matter.




HUMANA MATERIA

RETRATOS DUNHA LIÑA


Aparece o punto, inicial, e a liña comeza a fluír. Ás cegas, sen historia nin futuro, só o agora. Avanzo sen camiño. A intensidade en aumento, a concentración multiplícase. A ollada, mansa e forte, crávase. Non me desprendo nin un instante. Adiante firme e suave. Non son amigo. Non son artista. Non son eu. Só existe o agora. As miradas en sintonía. Quero aprehender o total e prescindir do accesorio. A trampa está tendida... toco, albisco, atraveso. Óso, carne, pel... alma. O trazo único e constante. Non hai dúbida, non hai necesidade nin ansia. O camiño aparece de seu, sen esforzo. Como un arrauto de lucidez xorde un novo rostro entre dous... afondando na materia humana.

de Manuel Penín























































Con Manuel Penín, uno de los artistas más destacados del momento actual, la Casa da Parra se convierte en el estudio en que el creador orensano lleva a cabo su propuesta expositiva, centrada en la elaboración de retratos de una sola línea. Se trata de un proyecto en que, bajo la denominación genérica de *Human Matter*, el propio trabajo de producción se transforma en arte: ver la mano que dibuja, percibir el ojo que capta e interpreta lo que los visitantes son en su esencia.

Aquí están, pues, en las páginas que siguen, los retratos de una línea de Manuel Penín. Son retratos que nos traen la frescura de la espontaneidad con la que el artista se atreve a concebir el dibujo sin ningún tipo de estudio previo, armado solamente de lo que en cada momento le dice su instinto creador.

Esta es su forma de sorprendernos con el don natural de captar los rostros públicos y anónimos para llevarlos al papel, un modo de compartir un instante concreto con sus modelos para reflejar su imagen externa y los sentimientos que puedan transmitir en una singular expresión pictórica.

Estoy convencido de que los retratos de Manuel Penín, en diálogo con los espectadores, acogen en su trazo continuado un mensaje íntimo como expresión de un contacto personal, de una silenciosa comunicación captada a través de su mirada de artista.

Desde la Consellería de Cultura y Educación reconocemos, por tanto, la autenticidad estética de este proyecto que revitaliza, desde la Casa da Parra, las aportaciones plásticas de nuestros creadores más actuales y que constituye una nueva contribución del Gobierno gallego a la difusión de los nuevos artistas.

Xesús Vázquez Abad
Conselleiro de Cultura, Educación y Ordenación Universitaria
Xunta de Galicia

With Manuel Penín, one of the most prominent artists today, Casa da Parra is transformed into a study and exhibition space for this artist from Ourense to showcase his work focused on single-line portraiture. The exhibition, generically called *Human Matter*, is a project in which the creative method is transformed into art: seeing the hand that draws, watching the eye that captures and interprets the essence of the visitors.

The following pages include Manuel Penín's single-line portraits. These drawings transmit the freshness of the spontaneity with which the artist dares to conceive a portrait without any type of prior study or examination; the artist is armed only with what his creative instinct dictates.

This is his way of surprising us with the natural capacity to capture the souls of anonymous faces, a way of sharing a specific moment in time with his models to reflect their external image and the emotions they transmit in a unique pictorial expression.

I'm convinced that Manuel Penín's portraits, a dialogue with viewers, contain an intimate message in their one, single line; an expression of personal contact, of silent communication captured through the artist's eyes.

The Ministry of Culture and Education of the Regional Government of Galicia acknowledges the aesthetic authenticity of this project that revitalises, from Casa da Parra, the plastic contributions of our contemporary creators and constitutes a contribution from the Galician Government to the promotion of new artists.

Xesús Vázquez Abad
Minister of Culture, Education and University Organisation
Regional Government of Galicia

LA SOMBRA DE LA LÍNEA ES ALARGADA

Rosendo Cid. 31 de mayo de 2014

Plinio el Viejo (escritor romano, 23-79 d.C.), en su *Historia natural*, investigó los inciertos orígenes de la pintura, asegurando que ese nacimiento consistió en circunscribir con líneas el contorno de la sombra de un hombre. Nos cuenta que, en Corintio, la hija de un alfarero se enamora de un joven que pronto abandonaría la ciudad, y cómo entonces la chica decide fijar con líneas el perfil de su amante sobre una pared a la luz de una vela. Más tarde, su padre aplicaría arcilla sobre esa pared, consiguiendo así relieve.

En un salto hacia la actualidad, hace poco más de un año se inauguraba en la sede del Centro Pompidou en Metz la exposición *Una breve historia de la línea*; un intento de genealogía alternativa de la pintura, la fotografía y el grafismo desde 1925, año en el que Kandinsky y Klee establecerían un análisis científico de la línea. La muestra se inspiraba en el cambio de paradigma de las vanguardias, pero también en las teorías del antropólogo Tim Ingold, que describía la línea como reflejo de la actividad humana: “Vayan donde vayan y hagan lo que hagan, los hombres dibujan líneas caminando, hablando, haciendo gestos”.

Estos ejemplos contrapuestos y distanciados, y que bien pudieran ser otros, sirven para significar la evidencia de que la línea es la forma originaria de cualquier proceso plástico y creativo, y que ha estado y está en la reflexión de los orígenes de toda representación.

La propuesta de Manuel Penín para la Casa de la Parra toma este elemento para la realización de dibujos en la propia sala expositiva, retratando a todo aquel que lo desee (con la peculiaridad de hacerlo en un solo trazo). Es una propuesta de claras intenciones, que genera una intersección entre el exhibir y el producir, entre el objeto artístico y el propio espectador, cómplice necesario para el desarrollo de una muestra enfocada, sobre todo, en el proceso de retratar en la misma exposición y no en el lugar habitual e íntimo del taller.

¿Reivindica Penín una salida hacia lo fundamental de toda experiencia creativa? ¿Es una manera de estar en el arte, en la vida, fuera de toda parafernalia? ¿Una forma distinta de dialogar con el espectador, de salir de la introspección que se le supone al artista?

Días antes de que comenzara la exposición, me reuní con él en su estudio y, rodeados de sus pinturas, llenas de color y de formas expandidas, hablamos un buen rato, conversación de la cual salieron estas palabras reflejadas a continuación.

RC/ Creo que podemos comenzar por que nos cuentes si hay un punto de partida, una referencia o cuándo pensaste en los retratos de una línea como proyecto.

MP/ Pues hay una primera situación que se dio en un taller al que asistí impartido por Xesús Vázquez. Si no recuerdo mal, en el año 2002, en el Centro Cultural Marcos Valcárcel, y en el que Xesús nos planteaba hacer algún trabajo fuera de nuestra línea habitual. Yo me puse a hacer esbozos de dibujos de cabezas que luego derivaron en unas esculturas de alambre. Una vez que acabó el taller, la verdad es que abandoné esta línea de trabajo al no tener una idea clara para desarrollarlo. Este se puede decir que es mi primer acercamiento al tema del retrato en el dibujo.

THE SHADOW OF THE LINE IS ELONGATED

Rosendo Cid. 31 May 2014

Pliny the Elder (Roman author, 23-79 AD) in his work entitled *Naturalis Historia*, investigated the uncertain origins of painting, assuring that this consisted of circumscribing the contour of the shadow of a man with lines. He tells us that in Corinthia, the potter's daughter fell in love with a young man who was quickly to leave the city and how the girl then decided to set her lover's profile in lines on a wall by candlelight. Afterwards, her father would apply clay to this wall, thus making it embossed.

In a jump towards the present, just over a year ago, there was an inauguration at the Pompidou Centre in Metz of the exhibition called *A brief history of the line*; an attempt of alternative genealogy of painting, photography and graphics since 1925, the year in which Kandinsky and Klee established a scientific analysis of the line. The exhibition drew on the change of paradigm of the forefronts but also on the theories of the anthropologist, Tim Ingold, who described the line as the reflex of human activity: “Wherever they go and whatever they do, men draw lines walking, speaking, making gestures”.

These opposing and distant examples, and which could well be others, serve as a base to evidence that the line is the original form of any plastic and creative process and that it has been, and is, in the reflection of the origins of any representation.

Manuel Penín's proposal for the Casa de la Parra [Grapevine House] takes this element for making drawings in the exhibition hall itself, portraying whatever he wants (with the peculiarity of doing so with a single stroke).

It is a clearly intended proposal, which generates an intersection between exhibiting and producing, between the artistic object and the spectator himself, an accomplice required for developing a focused example, especially in the process of portraying, at the same exhibition and not in the normal and intimate workshop.

Does Penín claim an exit towards the fundamental of every creative experience? Is it a way of being in art, in life, away from any paraphernalia? A different way of talking with the spectator, of getting away from the supposed introspection of the artist?

A few days before the exhibition opened, I met him at his studio and surrounded by his paintings, full of colour and expanded shapes. We spoke for quite a time, the words of which are reflected below.

RC/ In my view, we can begin by you tell us if there is a starting point, a reference or when you thought about projects of one-line portraits.

MP/ There was a first occasion that took place when I attended a class workshop given by Xesús Vázquez, if I am not mistaken, in 2002 at the Marcos Valcárcel Cultural Centre. Xesús was considering doing something that was completely different to our normal line of work. I started to draw some sketches of heads that were then used for wire sculptures. As soon as the class workshop finished, honestly I abandoned this line of work as I had no clear ideas as to how to develop it. You could say that this was my first approximation to the subject of drawing portraits. Later on, some ten years later, when staying in Berlin, one evening I was having a few beers with a friend at a cocktail lounge called *The Exterminating Angel*, like Buñuel's film. While we were there,

Más tarde, diez años después, durante una estancia en Berlín, quedé una tarde con un amigo para tomarnos unas cervezas en una coctelería de nombre El Ángel Exterminador, como la película de Buñuel, y durante ese tiempo estuvimos hablando e ilustrando nuestras inquietudes delante de un bloc de dibujo. Espontáneamente, dibujé una cabeza en una sola línea que me sorprendió bastante. En ese preciso momento, sabía que algo nuevo acababa de suceder. Al día siguiente, compré material y comencé a frecuentar distintos locales en donde podía encontrar a gente diversa y a retratarla furtivamente, con la idea de probar y ejercitar la mano y el ojo sobre todo, llegando a realizar, de forma compulsiva, unos 400 retratos de una sola línea. Luego regresé a Ourense y, con una exposición a la vista, decidí enfocarla hacia estos retratos, pero esta vez con el permiso del retratado. De esa exposición salieron otros 400 retratos y supuso la primera experiencia en público, pues el proceso ya podía verse en sala. Fue en el año 2013 en el Centro Cultural Marcos Valcárcel.

RC/ Hubo entonces un suceso dado de forma natural y que creo que dice mucho de tu forma de hacer y actuar. ¿Tienes intención de seguir en otros lugares?

MP/ Sí, de hecho tengo previsto hacia finales de año viajar a Nueva York y seguir con Human Matter, enfocándolo también como una publicación con retratos acompañados de escritos míos. Además, en Berlín tengo otro proyecto de dibujos por desarrollar, pero será el año próximo.

RC/ Cuando pude ver tus primeros retratos de Berlín, me acordé de los Retratos furtivos de Luis Seoane. El aspecto común es el poco tiempo empleado para realizar los dibujos, lo que provoca una enorme discriminación por la obligación de quedarse con lo básico. A este respecto, ¿hay algún método en tu forma de observar cuando dibujas, o cada persona provoca una mirada diferente?

MP/ Sí, el método existe, como es normal después de hacer tantos retratos, pero cada persona me lleva a una resolución diferente por la silenciosa comunicación que se establece, una comunicación más interior, más allá de lo verbal o lo visual.

RC/ Entonces, definirías estos retratos de una forma psicológica...

MP/ Quizás los definiría como el resultado de compartir un momento de silencio interior.

RC/ ¿Qué es lo que queda de ti en estos retratos?

MP/ En esta exposición sí que hay una resolución más personal, un estilo más reconocible que en los retratos anteriores y en los que ya me reconozco. Creo que, después de dar muchos tumbos entre retratos, lógicamente queda un cuño personal. Me veo más seguro dentro de la continua evolución de los dibujos.

RC/ Al contar con un tiempo limitado, que por lo que dices suele oscilar entre cuatro y ocho minutos, y suponiendo una meditación o reflexión de todo proceso artístico, ¿desaparece en este caso cualquier momento reflexivo?

MP/ Bueno, en este caso contemplo la meditación no como forma de pensar o reflexionar, sino como una forma de observación pura, sin pensamiento. Creo que es la única manera de poder acercarte a la percepción de la esencia de las cosas; en este caso, de la persona retratada.

RC/ Aunque no parece tener que ver, esto me recuerda a una performance de Marina Abramovic realizada en el MoMA, en la que la artista simple-

we talked and illustrated our concerns in a drawing pad.

Spontaneously I drew a head using a single line that surprised me quite a lot. At that precise moment, I knew something new had just happened. The following day I bought material and began to frequent various places where I could find different people and portray them furtively. The idea was to try to exercise my hand and my eye especially, becoming able to compulsively draw approximately 400 single-line portraits. Then I returned to Ourense and with an exhibition coming up soon, I decided to focus on these portraits, but this time with the permission of the people portrayed. Another 400 portraits came out of this exhibition and this was the first experience in public. The process could then be seen in the exhibition hall. This was in 2013 at the Marcos Valcárcel Cultural Centre.

RC/ Then the event occurred naturally and I believe this says much about your way of doing things and acting. Do you plan to continue doing this elsewhere?

MP/ Yes, in fact towards the end of the year I plan to travel to New York and continue with Human Matter, also focusing it as a publication with portraits accompanied by my writings. I also have another project of drawings for developing in Berlin but that will be next year.

RC/ When I saw your first portraits of Berlin, I was reminded of Luis Seoane's Furtive Portraits. The common aspect is the short time it takes to do the drawings. This causes an enormous discrimination due to the obligation to remain with the basics. In this regard, is there any method in your way of observing when you draw, or does every person incite a different form of looking?

MP/ Yes, as is normal after doing so many portraits, there is a method. However, everyone takes me to a different resolution due to the silent communication that occurs, a more profound communication, beyond what is verbal or visual.

RC/ So you would define these portraits in a psychological way...

MP/ I would probably define them as the result of sharing a moment of inner silence.

RC/ What do you leave of yourself in these portraits?

MP/ There is a more personal resolution at this exhibition, a more recognizable style than in the earlier portraits and in those that I already recognize myself. I believe that after wavering so much between portraits, logically a personal mould remains. I see myself as more secure within the continuous evolution of the drawings.

RC/ With limited time, and as you say, this normally varies between four and eight minutes, and assuming a meditation or reflection of every artistic process, does any reflexive moment disappear in this case?

MP/ Well, in this case I contemplate meditation not as a way of thinking or reflection but as a way of pure observation, without any thought. I believe that this is the only way of being able to approach the perception of essence of things. In this case of the portrayed person.

RC/ Although it seems unrelated, this reminds me of Marina Abramovic's performance in MoMa, when the artist simply shared looks and silences, creating peculiar situations depending on whichever person was involved. Does something similar happen in your case, differences aside between one and other project?

mente compartía miradas y silencios creándose situaciones peculiares según con qué personas. ¿Sucede algo similar en tu caso, salvando las distancias de uno y otro proyecto?

MP/ Sí, se establece un espacio de silencio interior compartido entre ambos; es decir, hay una especie de sincronización interna que no sabría explicar muy bien.

RC/ ¿Habría por tanto personas más “fáciles” de retratar que otras?

MP/ Creo que sí, hay personas más fáciles de retratar porque depende de la actitud o disposición del retratado; o sea, cuanto más abierta está la persona a dejarse “ver”, más fácilmente fluye el dibujo, y esto suele pasar con muchos niños y personas mayores sobre todo, con personas que no tienen una imagen muy rígida de sí mismas.

RC/ Como curiosidad, ¿qué es lo que suele comentarte la gente retratada más a menudo?

MP/ La reacción más frecuente es la sorpresa de verse plasmados en un dibujo en tan poco tiempo.

RC/ ¿Qué supone para ti, acostumbrado al trabajo intenso de taller, de pintura o de escultura, esta experiencia diaria y cómo la afrontas o en qué puede influirte para otros trabajos?

MP/ Sobre todo la afronto a nivel personal y, por supuesto esto influye a nivel artístico. Pero me lleva a observar a toda persona como parte de una totalidad, es decir, a la humanidad; a darme cuenta de que todos somos, básicamente, lo mismo. Y esto lo llevo a nivel expositivo, en donde no hay diferencia entre los retratados y nadie destaca por encima de nadie. Me interesa que cualquier persona tenga la posibilidad de participar en este proyecto. No hay diferencia alguna. No sé quién decía que el valor del hombre se mide por ser humano, y no hay otro valor que lo pueda diferenciar, ya sea por raza, sexo, diversidad social, etc.

En cuanto al trabajo de la pintura o la escultura, son trabajos introspectivos cuyo resultado luego se ofrece a todo el mundo. En el caso de los retratos, es un trabajo de introspección entre dos, y el resultado es primeramente para el retratado para luego formar parte del conjunto de la exposición, para ofrecérsela al público.

RC/ Una pregunta un poco típica: ¿cómo crees que se percibe el dibujo?, ¿como algo secundario, tal vez relegado a algo instrumental?

MP/ A nivel de exposiciones, lo veo como algo residual, secundario, infravalorado incluso, pues casi ni existen exposiciones en donde el dibujo sea lo principal. La última exposición de dibujo que vi fue la de E. Arroyo en El Prado en 2012. Me gustó.

RC/ Por otras conversaciones que tuvimos, creo que te encuentras un poco alejado de ese entramado del mundo artístico, más burocrático, vamos a llamarle, y que no sueles definirte como artista de un tipo u otro.

MP/ Ni lejos ni cerca. Voy a mi aire y hago lo que me apetece en cada momento determinado, sin intención de establecerme artísticamente. Desarrollo proyectos, los llevo a cabo y la contextualización que pueda tener como artista viene a posteriori. Son otros quienes la hacen. No, no me preocupa este aspecto.

En este punto vimos cómo el gato, que andaba por el estudio, adoptaba una posición de línea curvada y sobre sí mismo que denotaba un aburrimiento producto, tal vez, de nuestra conversación. En todo caso, ya fuera por este u otro detalle, decidimos dar por concluida la charla.

MP/ Yes, a space of inner silence is created that is shared between the two, that is to say, there is a kind of internal synchronization that I cannot explain very well.

RC / Therefore, are some people “easier” to portray than others?

MP/ Yes, I think so. Some people are easier to portray because it depends on the attitude or disposition of whoever is being portrayed, that is to say, the more open someone is in letting them be “seen”, the drawing flows more easily. This tends to happen especially with many children and older people, with people who do not have a very rigid image of themselves.

RC/ Curiously, what do the people being portrayed often tend to comment to you?

MP/The most frequent reaction is one of surprise when seeing themselves portrayed in such a short time.

RC/ What does this daily experience mean to you, accustomed to working intensely in your workshop, painting or sculpting, and how do you confront it or how can this influence you in other works?

MP/ Above all, I confront it on a personal level and of course this has its influences at an artistic level. However, it makes me observe each person as part of a whole, that is to say, as humanity, when realizing that we are all, basically, the same. Moreover, I take this to an explanatory level, where there is no difference between those portrayed and nobody stands out over anybody else. I am interested that anyone can have the possibility of taking part in this project. There are no differences whatsoever. I do not know who said that the value of man is measured by being human and there is no other value that can differentiate this whether by race, sex, social differentiation, etc.

Regarding the painting or sculpting work, they are introspective works, the result of which is offered to the whole world. In the case of portraits, this is a work of introspection between two and the result is mainly for the person portrayed that will then become part of the exhibition itself, offering it to the public.

RC/ A very typical question, how do you believe the drawing is perceived, as something secondary, maybe relegated to something instrumental?

MP/ At exhibition level, I see it as something residual, secondary, even underestimated. There are hardly any exhibitions where drawings are the main thing. The last exhibition of drawings I saw was that of E. Arroyo at The Prado in 2012. I liked it.

RC/ From other conversations we have had, I think you are a little distant from this structure of the artistic world, let's call it more bureaucratic. You do not tend to define yourself as an artist of one type or other.

MP/Neither near nor far away. I go at my own pace and do whatever I want at any given time, without any intention of establishing myself artistically. I develop projects, undertake them and the contextualization I might have as an artist comes a posteriori. Others do that. No, this aspect does not worry me.

At this point, we saw how a cat that was walking through the studio, adopted the position of a curved line, and upon itself, that indicated boredom, perhaps the product of our conversation. In any case, whether due to this or some other detail, we decided to conclude our chat.



MANUEL PENÍN

Barcelona, 1972.

Facultade de Belas Artes de Pontevedra (1994-1996).

Facultade de Belas Artes de Salamanca (1996-1999).

EXPOSICIÓNS INDIVIDUAIS

2013

"Humman Matter". Centro Cultural Marcos Valcárcel, Ourense.

2009

Sala GALYARTE. Santiago de Compostela.

Galería Sargadelos. Barcelona.

Sala Sogevinus. Porto.

2008

"Apertura". Museo Municipal de Ourense.

2006

"Escaparte" (acción artística e mostra). Casa da Xuventude, Ourense.

2005

"Prólogo". Centro Cultural da Deputación de Ourense.

Obra pública:

Viacrucis. Igrexa de Entrambosríos, Ourense.

Xerminación (escultura). Ourense.

Homenaxe á Sra. Obdulia. Ourense.

Homenaxe a Celso Emilio Ferreiro. Insúa dos Poetas. O Iríxo, Ourense.

EXPOSICIÓNS COLECTIVAS

2009

"Felinos". Galería Visol. Ourense.

2006

Galería Visol. Ourense.

"Círculo de pintores de Quebec y tres escultores gallegos". Auditorio de Ourense.

2005

"Presenzas". Museo Municipal de Ourense.

Galería Volter. Ourense.

2004

"Mostra do Taller con Xesús Vázquez". Centro Cultural da Deputación de Ourense.

2003

"XII Bienal Internacional de Vilanova de Cerveira" (artista invitado polo Centro Cultural de Ourense). Vilanova de Cerveira, Portugal.

Centro Cultural de Vila Praia de Ancora, Portugal.

Obras en:

Museo Municipal de Ourense.

Centro Cultural Marcos Valcárcel Deputación Ourense.

Fundación Louise Bourgeoise. Nova York.

Colexio de Patafísica. París.

Concello de Poggibonsi. Florencia.

CONTACTO

www.manuelpenin.com





galicia



ISBN 978-84-453-5148-2



XUNTA
DE GALICIA

HUMAN MATTER Debuxos dunha liña / MANUEL PENÍN

